

Xurxo Alonso: "Neste poemario, aparecen as palabras da morte falándonos desde o outro lado"

Xurxo Alonso (Bos Aires, 1956) foi galardoado no VI Certame de Poesía Torre de Caldaloba, convocado polo Concello de Cospeito e a Asociación Recreativa e Cultural de San Martiño de Pino en colaboración con Culturalia GZ, pola súa obra 'Non deixedes na mesa nin leite nin pan', na que aborda as ausencias das persoas que xa non están a través das súas propias voces.

Laura Veiga

27 de decembro de 2023

<https://www.nosdiario.gal/articulo/cultura/neste-poemario-aparecen-palabras-da-morte-falandonos-lado/20231227080200185742.html>

—De onde xorde o título *Non deixedes na mesa nin leite nin pan*?

O meu último poemario, *Cartas de Conxo*, que recibiu o Premio do Concello de Vilalba, tiña a guerra civil de fondo e a traxedia envolvía todo o libro: desaparicións, mortes, desterros, fusilamentos... Todos eses gritos, voces e rumores dalgunha maneira quedaron por aí para aparecer neste novo poemario como unha luz sen dono que se move ás cegas e vai por aí pululando. Son as palabras da morte falándonos desde o outro lado as que aparecen neste libro, perdidas no aire quedo e ausente.

É un poemario no que falan os mortos. Hai moitas voces en primeira persoa, cruzando miradas que se derraman sobre a paisaxe como se fose unha luz que vén do infinito. Hai personaxes que falan desde unha respiración agónica, mais á vez explícita. Van detallando o que senten por este devagar por un reino de sombras que é agora a súa propia casa ou a vila na que eles viviron.

É un poemario que trata sobre a ausencia e no que os poemas forman un armazón de vida e morte polo que percorre un instinto de supervivencia. O título está sacado dun verso que Rainer Maria Rilke escribiu en *Sonetos a Orfeo*, aínda que é un verso cortado. Na súa versión orixinal sería “non deixedes na mesa nin leite nin pan, atraen os mortos”, mais decidín suprimir esa última parte porque xa se deixa entrever no poemario. Tampouco é cuestión de mantelos afastados porque a conversa con mortos sempre se fixo. É unha conversa profunda, que ten certa importancia para nós, para os seres humanos en xeral. Non é unha cousa nova. Non hai un intento de afastarse diso, simplemente é unha cuestión de telos en conta porque están aí.

—Estes mortos que falan son as vítimas da represión do anterior poemario ou veñen doutros acontecementos?

Non, hai moita diversidade. Por exemplo, nalgúns poemas están presentes algunhas persoas que tiveron que emigrar. Digamos que é a voz de todas as persoas que faltan por diversos motivos.

—Falaba da ausencia, un aspecto que tamén salientou o xurado cando deu o seu veredicto. En que sentido se dá esta ausencia?

Non só é unha ausencia do corpo físico da propia persoa ou do ser próximo, tamén están esas ausencias que notamos diariamente, no cotián: a través do paso do tempo, cando comezamos a percibir menos facultades físicas, máis carencias... Iso déixase entrever tamén no poemario.

—Tivo algunha restrición á hora de escribir sobre un tema que nalgúns aspectos pode ser tan tabú como é a morte?

Ao final sempre estamos intentando esquivar calquera forma de aviso ou de sinal que nos leve a pensar nela. Parece que sempre queremos cambiar de tema. Non obstante, a morte sempre foi un tema tratado na poesía de moitas maneiras e na literatura en xeral porque antes ou despois todas as persoas a experimentamos, dunha ou doutra maneira. É un tema que suscita interese e tampouco hai que perderlle a cara.

Estou libre de prexuízos dunha maneira moi relativa, como todo o mundo, mais si que podo dicir, por exemplo, que nos poemarios nos que trato a violencia teño máis prexuízos cara a esta que cara á morte. Agora mesmo, como de costume, estou traballando nun par de poemarios, mais aínda non están moi definidos. Estou desbastando aínda. Sempre me gusta lembrar unha frase de Fernando Pessoa que dicía “esixa de si o que non poderá facer, non é outro o camiño da beleza”. Cando un escribe sabe que ten que dar de si o imposible. A miña maneira de escribir tamén ten moito que ver con ir desvelando o que está detrás, como se se tratase dun vidro embazado, e esperando sempre unha revelación, polo que está moi ligada a esta idea de intentar dar o mellor en cada ocasión.